



Problema701: Indica, segundo o concepto de Brönsted-Lowry, cales das seguintes especies son ácidas, bases ou anfóteras, explicando a razón da elección:

- a)  $S^{2-}$     b)  $H_2PO_4^-$     c)  $H_2CO_3$

Segundo Brönsted e Lowry: ácidos son as substancias (moleculares ou iónicas) que poden ceder ións  $H^+$  e bases son as substancias (moleculares ou iónicas) que poden aceptar ións  $H^+$ .




O ión sulfuro non pode ceder protóns, pois non os ten, por tanto só pode comportarse como base.




O ión dihidroxenofosfato ten hidróxenos que pode ceder comportándose como un ácido.

Pero tamén pode aceptar protóns comportándose como base:



Se se pode comportar como ácido e como base trátase dunha substancia anfótera.



O ácido carbónico non ten tendencia a gañar protóns pero si pode cedelos comportándose como ácido.